

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**VALEDOR DO POBO**

RESOLUCIÓN do 25 de xaneiro de 2024 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto da Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior, convocado pola Resolución do 3 de novembro de 2023.

Mediante a Resolución do 3 de novembro de 2023 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo da Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior do organismo Valedor do Pobo.

A convocatoria publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 215, do 13 de novembro de 2023, e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 593 da mesma data.

Unha vez finalizada a tramitación do procedemento, no exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.1) do seu Regulamento de organización e funcionamento,

RESOLVO:

Adscribir a Valentín André Fernández ao posto de Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior do organismo Valedor do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o organismo Valedor do Pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2024

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

